1 CASTELAO DE 'SEMPRE EN GALIZA' AO CONSELLO DE GALIZA 1934-1944

«Os soños primeiro e as ideas despois crean feitos históricos»

En marzo de 1944 viña a lume en Buenos Aires o libro ***Sempre en Galiza***, de Alfonso Daniel R. Castelao. En novembro do mesmo ano fundábase na mesma cidade o **Consello de Galiza**, unha sorte de Goberno galego no exilio presidido polo propio Castelao. A publicación de *Sempre en Galiza* foi un prólogo á fundación do Consello de Galiza. Cúmprense pois 80 anos destes dous feitos.

A aparición de *Sempre en Galiza* foi moi celebrada pola colectividade galega da capital arxentina, onde Castelao vivía exiliado desde 1940. Era unha figura central do galeguismo sobrevivente á guerra e á represión, e da oposición á ditadura franquista.

Constitución do Consello de Galiza, Buenos Aires, 15-XI-1944

En 1943 albíscase o final da ditadura en España, arrastrada pola derrota do eixo nazi-fascista na Guerra Mundial. Ante isto, Castelao proponse asegurar a promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado no plebiscito de 1936. Para conseguilo fúndase o Consello de Galiza, presidido por Castelao e formado por deputados galegos no exilio.

Sempre en Galiza foi unha referencia obrigada do galeguismo ata a actualidade; considerada unha das obras máis significativas da cultura galega. É un chamado a prol do recoñecemento da identidade nacional de Galicia e do seu autogoberno. Tamén é un testamento da xeración de Castelao, a das Irmandades da Fala e o Partido Galeguista.

Fotografía de J. Pacheco, ca. 1925



'SEMPRE EN GALIZA' ADRO E LIBRO I 1934-1938

Sempre en Galiza recolle textos escritos en catro momentos da súa vida, sempre fóra de Galicia:

- **Adro**: Desterro en Estremadura (1934-35)
- **Libro I**: Loita pola República en Valencia e Barcelona durante a Guerra Civil (1936-38)
- **Libro II**: Exilio en Nova York ao final da guerra (1939-1940)
- **Libros III** e **IV**: Exilio definitivo en Buenos Aires (1940-43 e 1947-48)

ESTATUTO DE GALICIA

Querido Dívedz: Dispois de falar contigo fum [...]

ADRO. O dilema do galeguismo

Nós temos fe no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fe en nós.

O Adro de *Sempre en Galiza* recolle catorce artigos escritos no desterro estremeño e publicados en 1934-1935 no boletín *A Nosa Terra*, voceiro do Partido Galeguista. Neses textos, Castelao defende unha liña claramente progresista para o galeguismo, replicando ao sector que se escindiu para crear unha Dereita Galeguista.

LIBRO I. Galicia é unha nación

Galiza ten tódolos atributos dunha verdadeira nacionalidade: idioma, terra, economía e cultura.

Este libro recolle 32 artigos publicados durante a Guerra Civil nos boletíns *Nueva Galicia* (editado polo Partido Comunista) e *Nova Galiza* (dos galeguistas antifascistas). Neles, Castelao defende a condición nacional de Galicia e o Estatuto de Autonomía aprobado en 1936, apelando á unidade dos galegos demócratas na defensa da República e da Autonomía.

NOVA GALIZA

Castelao

ÁLBUMS DE GUERRA

Atila en Galicia · *Galicia mártir* · *Milicianos*





[ADRO] 1934-1935
O desterro en Estremadura

A declaración do «Estado catalán» pola Generalitat de Cataluña e a folga revolucionaria de Asturias (outubro de 1934) desencadea unha vagada represiva do Goberno da República, mesmo contra o Partido Galeguista. Castelao é desterrado a Badaxoz e Alexandre Bóveda a Cádiz.

[LIBRO I] 1936-1938
Valencia e Barcelona

O alzamento fascista de 1936 sorprende en Madrid a Castelao, que durante a guerra se implica a fondo na defensa da democracia, colaborando co goberno da República. Durante eses anos vive, en permanente inquedanza, entre Valencia e Barcelona.
En 1938 visita a Unión Soviética e despois viaxa aos Estados Unidos, en misión de propaganda. Publica os seus tres álbums de guerra, *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* (1937) e *Milicianos* (1938), que atinxen unha extraordinaria difusión internacional.

NUEVA GALICIA

3 NOVA YORK BUENOS AIRES 1939-1944

A Libertad

[LIBRO II] 1939-1940
O primeiro exilio: Nova York e buque *Argentina*

A derrota da República (1939) atrapa a Castelao nos Estados Unidos, onde non se dá acomodado, polo que tenta conseguir asilo na Arxentina, para onde parte a mediados de 1940. É un tempo "revolto e alporizado", con liortas entre distintos bandos republicanos. Castelao vive nunha gran penuria e mergullado no desánimo.

Castelao en Nova York



[LIBRO III] 1940-1943
A diáspora: Buenos Aires. Co pensamento en Galiza

Instalado na Arxentina, Castelao desenvolve unha intensa actividade político-cultural na colectividade galega, en contacto cos círculos do exilio republicano, sobre todo vascos e cataláns, cos que asina un **acordo Galeusca**. Alí reúne os materiais que forman *Sempre en Galiza*. O Libro III recolle as súas reflexións sobre as relacións de Galicia con Portugal e co resto das nacións da Península e desenvolve a súa proposta de federalismo ibérico.

Castelao asistindo a un acto na Federación de Sociedades Galegas

Libro II
República federal

Este libro ten carácter de memorias políticas. Castelao fai un repaso da súa experiencia, queíxase do maltrato a Galicia e denuncia a responsabilidade dos líderes republicanos no fracaso da República, por rexeitar organizar o estado en réxime federal.

Preferiuse unha Hespaña única e indivisible a unha Hespaña múltiple e unida. Nós somos hespañois dunha Hespaña plurinacional. Hespaña será —quéirase ou non— unha República federal.

LIBRO III
Galicia, Hespaña e Portugal

En 1943 concreta un programa mínimo, recollido ao final do libro:

a) Respecto á Constitución do 1931 en canto é obrigado respectar a súa orixe democrática

* Promulgación do Estatuto Galego en canto se volva á legalidade republicana
* Constitución próxima do Estado hespañol en réxime federal.

BUENOS AIRES
PARÍS
CONSELLO DE GALIZA
MINISTRO DO GOBERNO NO EXILIO
1944-1948

CASTELAO
CO PENSAMENTO EN GALIZA

BUENOS AIRES
1943

Unha produción de **Merlín Comunicación / Editorial Galaxia**
para a **Deputación de Lugo**
Comisario: **Henrique Monteagudo**
Coordinación: **Xesús Domínguez Dono**
Deseño e maquetación: **Hayat Husein**
Impresión: **CdeC**

1944. Presentación de *Sempre en Galiza*

Ante a previsible derrota do fascismo, os demócratas españois comezan a organizar a alternativa á ditadura de Franco.
Castelao mobiliza a diáspora galega, que organiza actos en Montevideo e Buenos Aires.
En xullo preséntase *Sempre en Galiza* en Buenos Aires, nun acto masivo, e móntase unha exposición dos álbumes de guerra en Montevideo.

Banquete ofrecido a Castelao para festexar a saída de *Sempre en Galiza*, 1944

1944. Fundación do Consello de Galiza

O 15 e novembro de 1944, fúndase o Consello de Galiza en Buenos Aires, presidido por Castelao. Forman parte del tres deputados galegos no exilio: Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo e Elpidio Villaverde. Outros adhírense máis tarde. Pretendíase que actuase como un Goberno galego no exilio, que tratase cos Gobernos vasco, catalán e republicano, en defensa da autonomía galega.
Ben acollido pola colectividade galega da Arxentina e Buenos Aires, a súa fundación creou fricción con otros grupos do exilio e cos galeguistas do interior.

LIBRO IV. A Confederación ibérica e a Unión Europea

Castelao formula ao final do libro estes catro principios:

a) Autonomía integral de Galiza para federarse cos demais pobos de Hespaña

b) República Federal Hespañola para confederarse con Portugal

c) Confederación Ibérica para ingresar na Unión Europea

d) Estados Unidos de Europa para constituír a Unión Mundial

A min abondábame un currunchо galego e a ledicia de ver a nosa paisaxe e escoitar o noso idioma. Quero retornar a Galiza, mais non para morrer, senón para vivir.

[LIBRO IV] 1947-1948

Buenos Aires. *Alba de Groria*

En 1945, co final da II Guerra Mundial e a derrota do fascismo, o exilio republicano reorganízase.
Fórmase un goberno republicano de concentración no exilio, para o que Castelao é designado ministro, polo que viaxa a París (1947). Porén, Franco consegue afirmar o seu réxime, e Castelao volve de París enfermo e abatido, pero aínda retoma a súa actividade pública. Neste últimos anos, comeza a escribir un segundo volume de *Sempre en Galiza*, que queda incompleto. Os seus primeiros capítulos son incorporados á segunda edición.